

## **Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de pasador/a de ferro (para as quenadas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral)**

### **Parte común.**

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: Disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: Réxime de provisión e selección de prazas.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: Capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

### **Parte específica.**

Tema 1. O espazo físico dunha lavandaría hospitalaria: consideración dos factores que inflúen; organización espacial e funcional. Áreas sucias e limpas. Barreiras de contaminación.

Tema 2. Equipamento, material e instalacións dunha lavandaría hospitalaria. Material permanente de consumo. Instalacións.

Tema 3. Procesamento da roupa en área sucia: técnicas de lavado (temperaturas, tempos), ideas básicas de eliminación de manchas. Procesamento da roupa en área limpa: centrifugado, secado, calandraxe. Procesamento da roupa en roupeiro: almacenamento e distribución.

Tema 4. Características dos téxtiles e estudo das diferentes fibras que compoñen os tecidos. Reacción á acción de ácidos, lixivias, oxidantes, temperatura e acción mecánica.

Tema 5. As secadoras-pasadoras de ferro: características; factores de rendemento; papel de pasado de ferro; outras funcións; roces sobre a cubeta; purgadores; electricidade estática, os pousos ou depósitos, aspiración de vapores, dificultades de calandraxe.

Tema 6. Factores que interveñen nun bo pasado de ferro. Presión, vapor ao baleiro. Tempos para a vaporización e o baleiro.

Tema 7. Actuación das fibras téxtiles fronte ao pasado de ferro. Coidados na operación e riscos nas pezas ao pasado de ferro.

Tema 8. Aparellos universais para o pasado de ferro. A prensa universal, a mesa de pasado de ferro, a pasadora de ferro, cabinas ou túneles de acabado, pan. Topper, manequín. A seguridade laboral no manexo deste tipo de maquinaria.

Tema 9. Problemas habituais no pasado de ferro. Fallos e a súa corrección.

Tema 10. Prevención de riscos laborais específicos da categoría. Risco de incendio: conceptos básicos, medidas preventivas e actuacións que cómpre realizar.

Tema 11. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Violencia de xénero: prevención, detección e actuacións por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.



**Nota:**

**Parte común:** Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).

**Parte específica:** Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de costureiro/a, lavandeiro/a e pasador/a de ferro (Diario Oficial de Galicia núm. 126 de 5 de xullo), agás o tema 11 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).